

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014957	CPI de San Sadurniño	San Sadurniño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	4º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A programación da área de Comunicación e Representación da Realidade recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 4º de EI co fin máximo de promover nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan comezar a desenvolver ferramentas para comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coa contorna e coas demais persoas que a habitan.

O propósito da área é contribuír a mellorar a relación entre as criaturas e o medio, xa que será a través das distintas formas de comunicación e representación como o alumnado establezan relacións co resto das persoas. A interacción, a través dos diferentes instrumentos de comunicación, permite exteriorizar as vivencias emocionais, acceder aos contidos culturais, producir mensaxes cada vez máis elaboradas e ampliar progresivamente a comprensión da realidade.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situación de aprendizaxe. Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares, e favorecer así unha aprendizaxe significativa e funcional.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma referencia para os centros de interese, pero sempre partindo do interese do alumnado.

A temporalización das diferentes propostas é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada aula.

Respecto a lingua empregada e seguindo as directrices establecidas na lexislación vixente na aula de 4º E. Infantil usaremos o castelán, a lingua predominante entre o alumnado determinado polo centro na enquisa ás familias ao comezo do curso escolar. Resultado recollido na addenda ao Proxecto Lingüístico de centro no curso 2023-2024. Aseguraremos a adquisición da outra lingua oficial: o galego intentando acadar un equilibrio entre as dúas linguas no seu uso.

Esta Programación docente está pensada para ser levada a cabo co alumnado do 4º curso do 2º ciclo de E. Infantil no CPI de San Sadurniño. Centro situado na localidade do mesmo nome e ubicado nun contorno maioritariamente rural. O CPI San Sadurniño conta con 3 unidades de Educación Infantil. Ten unha xornada mixta con 3 sesións exclusivamente de mañás e dúas tamén con sesión de tarde e conta con servizos complementarios de transporte e comedor

Dentro do horario contamos coa participación da especialista en Lingua estranxeira: Inglés, da especialista en Música e do mestre de E. Física cunha sesión semanal. Tamén imparte docencia a mestra de E. Relixiosa nunha sesión semanal e a sesión de Atención Educativa será impartida pola titora.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1	1	1			1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1				
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	PROXECTOS EN SANSA	Procedemento de aprendizaxe globalizado que permite alcanzar uns obxectivos que o docente e o alumnado propoñen a través da posta en práctica dunha serie de accións integradas e planificadas dirixidas a resolver unha situación ou problema previamente establecido, interactuando co grupo e o entorno e usando recursos variados. A través desta metodoloxía de traballo o alumnado, os mestres/as e as familias únense coa finalidade de aprender xuntos.	80	X	X	X
2	XOGAMOS E APRENDEMOS NOS RECANTOS	Recantos de actividade, entendidos como espazos organizados dentro da aula que ofrecen diversas alternativas de traballo/xogo ao alumnado coas que se fomentan distintos aspectos da aprendizaxe nun ambiente cálido, lúdico e divertido. Recantos como o das construcións, arte, mates divertidas, proxecto en Sansa, letras e biblioteca.	75	X	X	X
3	ABENEANDO EN SANSA	no que introduciremos a metodoloxía Abn nas aulas de E.Infantil para desenvolver o sentido numérico no alumnado dunha forma sinxela e divertida a través do uso de materiais manipulativos	40	X	X	X
4	ARTE-LLANDO	Arte-llando é unha proposta na que traballaremos a	40	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	ARTE-LLANDO	arte como linguaxe e como potenciador do proceso de aprendizaxe. Investigaremos e coñeceremos a importancia das cores, os materiais e as técnicas no momento de expresarnos de maneira plástica. As obras de arte terán un lugar na nosa aula. E polo outro a robótica co Bee-Bot e pequenos retos de aprendizaxe que debe resolver o alumnado programando o robot coa secuencia correcta de movementos para chegar o seu destino e iniciarnos no pensamento computacional a través da manipulación.	40	X	X	X
5	LET'S DANCE	Na materia de inglés traballaremos estruturas e vocabulario sinxelo aprendido de xeito eminentemente oral e relacionado con movementos corporais. A metodoloxía será activa e baseada nas propostas de James Asher: TPR (Total Physical Repond). As rutinas formarán unha parte central e necesaria para crear unha atmosfera de respecto e confianza onde o "Lower Affective Filter" proporcione o contexto necesario no que se aprenda sen presión conseguindo que cada discente aprenda ao seu paso.	45	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	PROXECTOS EN SANSA	80

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Realiza trazos horizontais e verticais de forma precisa coa direccionalidade correcta.	PE
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Conta as súas cousas , contesta as preguntas e quen de pedir axuda cando o necesita.	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Escoita e comprende mensaxes en lingua galega e castelá. Usa palabras na outra lingua que non é a familiar.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Incorpora algunhas palabras propias do vocabulario do proxecto.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Usa as normas que rexen os intercambios lingüísticos: o saúdo, por favor e dar as grazas.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa a maior parte das veces en interaccións comunicativas en ligua estranxeira relacionadas coas rutinas e situacións cotiás.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Usa a biblioteca da aula amosando interese polos libros.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita prestando atención a lectura do diferentes textos. Goza a maioría das veces compartindo e escotando textos en lingua inglesa.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Aprende pequenos textos traballados na aula nas dúas linguas. Participa case sempre en actividades de achegamento a literatura infantil, tanto individualmente coma en contextos dialóxicos en lingua estranxeira.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Diferencia sonido e silencio	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Interpreta cancións con coreografía sinxela	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa emocións a través das cancións	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Usa diferentes técnicas plásticas amosando interese, ganas de facer.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en situacións de xogo de imitación con interese.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese polo uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.

Contidos

- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	XOGAMOS E APRENDEMOS NOS RECANTOS	75

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Realiza trazos horizontais e verticais de forma precisa coa direccionalidade correcta.	PE
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Traballa con interese con calquera material e técnica plástica.	
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Conta as súas cousas , contesta as preguntas e quen de pedir axuda cando o necesita.	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Escoita e comprende mensaxes en lingua galega e castelá. Usa palabras na outra lingua que non é a familiar	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Incorpora algunhas palabras propias do vocabulario do proxecto.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Usa as normas que rexen os intercambios lingüísticos: o saúdo, por favor e dar as grazas	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Fai uso da biblioteca de aula e gústalle mirar libros.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención a lectura de contos, poesías,...	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Aprende algunha das poesías, ditos, adiviñas traballadas.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Explora as posibilidades expresivas do seu corpo: xogos de imitación.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese polo uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Memorización e recitado de textos literarios. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	ABENEANDO EN SANSA	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Conta as súas cousas, contesta as preguntas e quen de pedir axuda cando o necesita.	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Escoita e comprende mensaxes en lingua galega e castelá. Usa palabras na outra lingua que non é a familiar.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Incorpora algunhas palabras propias do vocabulario do proxecto.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Usa as normas que rexen os intercambios lingüísticos: o saúdo, por favor e dar as grazas.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese polo uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
4	ARTE-LLANDO	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Traballa con interese con calquera material e técnica plástica.	PE
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Conta as súas cousas, contesta as preguntas e quen de pedir axuda cando o necesita.	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Escoita e comprende mensaxes en lingua galega e castelá. usa palabras na outra lingua que non é a familiar.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Incorpora algunhas palabras propias do vocabulario do proxecto.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Usa as normas que rexen os intercambios lingüísticos: o saúdo, por favor e dar as grazas.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Discrimina sonido e silencio	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Interpreta cancións con coreografía sinxela	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa emocións coas diferentes cancións	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese polo uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos. - Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. - Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	LET'S DANCE	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa emocións e ideas nas súas tarefas artísticas.	TI
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Sinte interese poloa lingua estranxeira.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Conta e expresa opinións sobre a materia de Lingua inglesa.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa con interese nas actividades de lingua estranxeira.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Permanece en escoita activa un tempo axeitado á súa idade e características.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Aprende algunha palabra ou estrutura sinxela relacionada cos contos en lingua estranxeira.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Fai achegas de xeito coherentes expresando opinións e gustos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero. - Memorización e recitado de textos literarios. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.

Contidos

- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área que nos atopamos (CRR) debemos ter en conta a disposición positiva do alumnado para empregar diferentes formas de comunicación, polo que a escola debe dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente e de xeito equitativo.

A metodoloxía levada a cabo terá en conta unha serie de principios e liñas de actuación, que dende a nosa visión pedagóxica, son necesarias e imprescindibles para crear situacións de aprendizaxe que conecten cos intereses do alumnado respectando as diversas linguaxes e formas de comunicación e que lle permitirá coñecer, comprender e ser parte activa da realidade que o rodea.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- Principio de globalización: partiremos da realidade próxima ao neno/a, dos seus coñecementos previos para, pouco a pouco, axudarlle a avanzar na construción dos seus significados co que facilitaremos as aprendizaxes significativas.
- Principio de actividade: os nenos/as precisan facer, manipular, experimentar....para a partir desta actividade construír os seus esquemas cognitivos. O alumnado será protagonista activo do seu proceso de aprendizaxe.
- Principio de actividade lúdica (gamificación): un recurso didáctico que estará sempre presente na aula é o xogo. O noso alumnado aprenderá xogando e xogará aprendendo.
- Principio da pedagogía do éxito: a motivación positiva e os pequenos logros diarios serán a base da metodoloxía.
- A creación dun ambiente de afecto e seguridade, onde o alumnado poida expresar emocións, sentimentos e ideas libremente, desenvolvendo unha autoestima e autoconcepto positivos.
- Desenvolvemento de proxectos nos que se intentará resolver un problema. Levaremos a cabo actividades de pequenas investigacións, búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar a resolución dun problema ou obxectivo proposto, compartir experiencias e os resultados obtidos cos compañeiros/as.
- Os agrupamentos serán variados en función das necesidades do alumnado e das actividades que se leven a cabo. Teremos agrupamentos en gran grupo: para planificar conxuntamente actividades, exposicións, lecturas, explicacións, debates, asemblea, etc. Agrupamentos en pequeno grupo, ideal para favorecer a interacción cooperativa e traballo individual, que son un bo recurso para fomentar a responsabilidade e a autonomía.
- Principios do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), ofertando dentro dunha mesma actividade diferentes maneiras de acceder á información, diferentes modos de expresarse e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
- A organización dos tempos será flexible respectando os ritmos individuais de cada neno/a e combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades do alumnado. Neste sentido teremos tempos para a expresión e comunicación de vivencias, sentimentos, emocións, coñecementos e saberes...
- Organización dos espazos da aula por recantos a través dos cales traballaran os contidos relacionados coa área na que nos atopamos e de xeito globalizado coas demais áreas do currículo. Os recantos presentes na aula son: recanto da biblioteca e as letras; das construcións; de arte; de Mates divertidas, do xogo simbólico e do proxecto.
- Desenvolvemento de todas as linguaxes e os modos de percepción específicos destas idades ofrecendo diferentes situacións de aprendizaxe, onde as diversas linguaxes estean presentes: musical, corporal, artística..
- As TIC serán un recurso máis para o desenvolvemento das capacidades e habilidades do alumnado. O alumno iniciárase no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Entendendo os recursos didácticos como todos aqueles medios que son necesarios para que o proceso de ensino - aprendizaxe sexa o máis eficaz e profundo posible utilizase o esquema de oferta de materiais (Loughlin e Suina) para dotar a aula, xa que estes atópanse a disposición dos alumnos para que accedan a eles, respectando as normas habituais de uso,

Os materiais que se utilizan na escola:

Recursos didácticos materiais: de carácter inventariable (encerado, cortizas...) , materiais estruturados (crebacabezas, regretas, bloque lóxicos abecedarios.. ...), materiais non estruturados (de refugallo, pezas soltas, elementos da natureza).

Recursos didácticos impresos: libros ilustrados, libro- album, libros informativos, xornais, revistas, carteis, folletos de propaganda, utensilios para producir textos impresos (tampóns e tinta, etiquetas...), bits de intelixencia...

Recursos didácticos audiovisuais: fotografías, láminas, carteis publicitarios, ...

Recursos TIC: o ordenador de aula, o encerado dixital interactivo, a tablet, conexión a internet, programas elaborados no entorno Lim, Jclic, robot Bee bot etc.

Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc).

Os criterios para a súa utilización:

-Disposición: visibles e accesibles.

-Conservación: cada material terá un lugar de recollida.

-Información: preséntase na asemblea para que saiban como utilizalos e de vez en cando retomasen.

-Almacenamento: os recursos aparecen pouco a pouco o resto gárdase fóra da aula.

-Conservación - renovación: dedicar momentos a reparar materiais coalumnado, mestra e coas familias.

Como Materiais curriculares:

- Materiais impresos confeccionados, deseñados e elaborados polo equipo docente para poñer en práctica os proxectos de traballo (ficheiro de aula).

- Material funxible como ceras, rotuladores, lapis, tesoiras, punzóns, cartolinas, folios, pinceis... que será mercado cos cartos da cooperativa escolar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como o proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo. Levarase a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas, así como os datos máis relevantes do período de adaptación.

- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.

- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

- Análise do expediente do alumnado e dos datos recollidos na aplicación informática XADE.

Destacar o carácter preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias. Esta avaliación inicial realizarémola cando o alumno/a se incorpore por primeira vez ao centro e ao inicio de cada curso.

Cos datos recollidos cubriremos o Informe de avaliación inicial na aplicación Xade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación que usaremos na etapa de Educación Infantil están establecidos na escala de valoración dos indicadores observables específicos das diferentes áreas que aparecen recollidos na aplicación informática Xade. A valoración exprésase en termos cualitativos que entendemos do seguinte xeito:

Con Dificultade: aquel alumnado que non acadou os obxectivos propostos sendo necesario realizar actividades de Reforzo e/ou unha atención máis individualizada.

En Proceso: cando o alumno/a está a desenvolver axeitadamente as estratexias para o seu logro pero aínda non os acadou.

Sen Dificultade: para aqueles discentes que procuraron os obxectivos con facilidade dunha maneira autónoma.

Criterios de recuperación:

Non proceden na etapa de Educación Infantil.

6. Medidas de atención á diversidade

O tratamento da atención á diversidade, tanto á diversidade do alumnado como na atención educativa con alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, contéplase no referente legislativo para este curso 2023-2024 da ORDEN de 8 de setembro de 2021 por a que se desenvolve el Decreto 229/2011, de 7 de decembro, e que debe partir das premisas de INTEGRACIÓN-INCLUSIÓN, e recollerase nos diferentes documentos de centro: PXA e Plan de Atención á Diversidade incluído no PE.

A diversidade é unha realidade. Cada alumno e cada alumna ten unhas determinadas necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas. En consecuencia, o 2º ciclo de Educación Infantil (a aula do 6º nivel de EI) ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Contemplaremos medidas ordinarias, que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro e ás características do noso alumnado. Son as seguintes:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Tamén teremos en conta as medidas extraordinarias, aquelas enfocadas a dar resposta á diversidade do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Son as seguintes:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe..
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Outras medidas de atención a diversidade que teremos presentes son:

- Organizar a aula de forma accesible (tempos e espazos)
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características do alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Desenvolvemento e Xestión emocional a través dos proxectos de aula, os contos e a participación nas actividades do centro.	X	X		X	X
ET.2 - Pautas elementais de convivencia a través das rutinas e normas da aula, da participación en actividades conxuntas co alumnado da aula e da etapa e coa participación no Contrato Programa INCLÚE-T , proxecto Patios en E. Infantil e Primaria.	X	X	X	X	X
ET.3 - Coidado da contorna e dos seres vivos a través do proxecto Reciclasansa do centro no que as 3r (reducir, reciclar e reutilizar) están moi presentes. Colaborando nas actividades do Contrato Programa Edusostibilidade.	X	X			
ET.4 - Promoción de estilo de vida saudable a través da proposta de merendas saudables, proxecto Patios e co fomento de hábitos de coidado do corpo en relación ao aseo, alimentación...	X	X		X	
ET.5 - Educación en valores a través da proposta de Pequecuentos con valores vinculados as súas experiencias, sentimentos e vivencias.	X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.6 - Educación para o consumo responsable levar a cabo accións encamiñadas á consecución dos obxectivos da Axenda 2030 e fomentar no alumnado accións destinadas ao coidado da natureza e a redución daquelas accións que causan un gran impacto na mesma.	X	X		X	
ET.7 - Educación igualitaria e libre de estereotipos a través da celebración de datas significativas como o 25 de novembro (contra a violencia de xenero), 8 de marzo (da muller traballadora), coa proposta de lecturas coeducativas e coa participación na actividade "Mulleres na historia, na ciencia, na arte e na literatura"	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festas de Outono	No 1º trimestre celebraremos Samaín (lectura de medo, merendas terroríficas, degustación de castañas); Día do Peón no tempo de lecer; Nadal (visita do Reis Mago ou o Apalpador e concurso de tarxetas)	X		
Visita cultural a un Belén e toma de chocolate con churros.	No 1º trimestre visitaremos un Belén artesanal nunha zona próxima ao centro, de interese cultural e artístico.	X		
Festas de Inverno	No 2º Trimestre celebraremos o Día da Paz e Non Violencia; Día de Rosalía, Entroido e os Mandados do Meco Paquito.		X	
Visita á Ecoescola As Campeiras- As Pontes	No 2º trimestre, coa finalidade de traballar a importancia da reciclaxe e o coidado do medio ambiente.		X	
Festas de Primavera	No 3º Trimestre celebraremos a Semana das Letras Galegas; Semana do Libro (apadriñando lectores); Fin de curso.			X
Visita á Casa dos peixes.	No 3º trimestre visitaremos a casa dos peixes en A Coruña, co obxectivo de acercar ao alumnado ao coñecemento do medio mariño.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalio os coñecementos previos do alumnado en relación ao proxecto traballado e establezo medidas de resposta en función dos resultados.
Programo obxectivos en función dos coñecementos previos e adaptados ao nivel do alumnado.
Desenvolvo a programación acorde co programado.
Metodoloxía empregada
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos ritmos de aprendizaxe.
Observo de forma habitual o proceso de aprendizaxe do alumnado.
Facilita a proposta metodolóxica a consecución das competencias básicas.
Logro que o alumnado progrese na adquisición dos contidos traballados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organizo e doto os recantos da aula con recursos suficientes
Uso materiais variados, suficientes, accesibles, adecuados.
Elaboro materiais para mellorar a dotación dos recantos.
Incorporo as TICs ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.
Realizo as actividades complementarias programadas
Medidas de atención á diversidade
Propoño actividades variadas para atender a diversidade.
Propoño actividades de ampliación e reforzo.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características do grupo e do alumnado.
Logro que o alumnado con actividades de reforzo progrese.
Logro que o alumnado con actividades de ampliación progrese.
Clima de traballo na aula
Favorezo a interacción do alumnado con distintos agrupamentos na aula: actividades en gran grupo, pequeno grupo, parellas...
Implico ao alumnado nas actividades de aula.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Asisto, participo e colaboro nas reunións convocadas mensualmente pola coordinadora de ciclo (mestras do ciclo)
Asisto, participo e colaboro nas reunións entre mestres dos outros ciclos convocadas mensualmente pola X.Estudos
Establezo as vías e procedementos para facilitar información ás familias: correos enviados e contestados, notas informativas, abalar
Informo regularmente ás familias dos progresos e dificultades do seu fillo/a.
Facilito a participación das familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as: titorías solicitadas e realizadas
Coordino o traballo co alumnado con apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Descrición:

Nivel 0: non se acadou

Nivel 1: acadouse en parte

Nivel 2: acadouse pero non totalmente.

Nivel 3. acadado na súa totalidade.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao rematar cada trimestre realizaremos un seguimento da programación a través da aplicación PROENS e dende a coordinación de ciclo de Infantil e Xefatura de estudos.

9. Outros apartados